

ARTIGOS DOUTRINAIS

REVISTA
GALEGA
DE
DEREITO
SOCIAL

A PROBA DA DISCRIMINACIÓN NO DEREITO COMUNITARIO

José Fernando Lousada Arochena

Maxistrado do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Social

SUMARIO

- I. A DIRECTIVA 97/80/CE DO CONSELLO, DO 15 DE DECEMBRO DE 1997, RELATIVA Á CARGA DA PROBA NOS CASOS DE DISCRIMINACIÓN POR RAZÓN DE SEXO
- II. AS IMPLICACIÓNS PROBATORIAS DA DIRECTIVA 2002/73/CE DO PARLAMENTO E DO CONSELLO, DO 23 DE SETEMBRO DE 2002, MODIFICATIVA DE A 76/207/CEE
- III. A DIRECTIVA 2000/43/CE DO CONSELLO, DO 29 DE XUÑO DE 2000, E A DIRECTIVA 2000/78/CE DO CONSELLO, DO 27 DE NOVEMBRO DE 2000, UN ACERVO COMÚN DA IGUALDADE
- IV. A DIRECTIVA 2004/113/CE DO CONSELLO, DO 13 DE DECEMBRO DE 2004, SOBRE A IGUALDADE DE TRATO ENTRE HOMES E MULLERES EN ÁMBITOS EXTRALABORAIS
- V. UN BALANCE FINAL SOBRE A ADECUACIÓN DO DEREITO INTERNO AO DEREITO COMUNITARIO

I. A DIRECTIVA 97/80/CE DO CONSELLO, DO 15 DE DECEMBRO DE 1997, RELATIVA Á CARGA DA PROBA NOS CASOS DE DISCRIMINACIÓN POR RAZÓN DE SEXO

Despois dun longo proceso de elaboración, que arrancou coa Proposta de Directiva relativa á carga da proba nos casos de discriminación por razón de sexo de 24.5 1988¹, rexeitada polo Reino Unido, e que continuou co intento de acordo dos interlocutores sociais comunitarios ao amparo do Acordo sobre Política Social anexo ao Protocolo 14 do Tratado de Maastrich, igualmente infrutuoso, aprobouse a Directiva 97/80/CE do Consello, do 15 de decembro de 1997, relativa á carga da proba nos casos de discriminación por razón de sexo, que é o corolario probatorio das cláusulas de protección xurisdiccional efectiva contidas nas directivas sobre discriminación por razón de sexo², e de aí, xustamente, o carácter instrumental da dita Directiva, que a erixe “*como unha das principais garantías de efectividade ... no proceso de realización progresiva do principio de plena igualdade*”.³

Recoñecendo o seu instrumentalidade, o artigo 1 da dita Directiva, ao definir o seu obxectivo, di selo “(o) *mellorar a eficacia das medidas adoptadas polos Estados membros en aplicación do principio de igualdade de trato, que permitan que todas as persoas que se consideren prexudicadas pola non aplicación, no que a elas se refire, do principio de igualdade de trato poidan invocar os seus dereitos en vía xurisdiccional despois de recorrer, no seu caso, a outros órganos competentes*”.

Por este motivo, a Directiva debe ser ben recibida, e débeo ser, así mesmo, por recoller, no apartado 2 do seu artigo 2, a primeira plasmación normativa comunitaria do concepto de discriminación sexista indirecta: “(esta) *existirá ... cando unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutro afecte a unha proporción substancialmente maior de membros dun mesmo sexo, salvo que a devandita disposición, criterio ou práctica resulte axeitado e necesario e poida xustificarse con criterios obxectivos que non estean relacionados co sexo*”. Recoller aquí esta definición obedece á importancia da proba nos xuízos sobre discriminación indirecta, e así dise nun Considerando do Preámbulo: “*a proba da discriminación é aínda máis difícil de achegar cando a discriminación é indirecta*”, e de aí que sexa “*necesario definila*”.

Agora ben, estes xerais aspectos positivos da Directiva empezan a escurecerse ao regular, no artigo 3, o seu ámbito de aplicación, e, no 4, a regulación da distribución da carga da proba. Precisamente, no último considerando do Preámbulo, recoñécese que “*a presente Directiva limítase ao mínimo requirido e non excede do necesario a tal fin*”. Trátase, como denunciou atinada doutrina, dun entendemento redutivo do principio de proporcionalidade, tanto por razóns económicas como políticas, “*ata o punto de identificalo inadecuadamente cunha consigna ou lema: a lei do impacto mínimo*”.⁴

1 Sobre a Proposta, véase Miguel Colina Robledo / Juan Manuel Ramírez Martínez / Tomás Sala Franco, “Derecho Comunitario”, Editorial Tirant lo Blanch, Valencia, 1995, páxinas 378 a 380.

2 Que estudei en “Las cláusulas de protección jurisdiccional efectiva en las directivas sobre discriminación por razón de sexo”, Revista Española de Derecho del Trabajo, número 98, 1999.

3 Como afirma Cristóbal Molina Navarrete, “Acciones positivas y efectividad de la tutela procesal antidiscriminatoria (a propósito de la Directiva 97/80/CE del Consejo, do 15 de diciembre, relativa a la carga de la prueba en los casos de discriminación por razón de sexo)”, La Ley, núm. 4759, páxina 4.

4 Cristóbal Molina Navarrete, “Acciones positivas ...”, obra citada, páxina 9.

1º. En canto ao ámbito de aplicación, son máis notorias as ausencias que as presencias e, neste sentido, inclúense *“as situacións cubertas polo artigo 119 do Tratado CEE e as Directivas 75/117/CEE, 76/207/CEE, e na medida en que exista discriminación por razón de sexo, as Directivas 92/85/CEE e 93/34/CEE”* –artigo 3.1-. A Directiva 75/117/CEE do Consello, do 10 de febreiro de 1975, é a relativa á aplicación do principio de igualdade de retribución entre os traballadores masculinos e femininos, e a Directiva 76/207/CEE do Consello, do 9 de febreiro de 1976, é a relativa á aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres no que se refire ao acceso ao emprego, á formación e á promoción profesionais, e ás condicións de traballo.

A inclusión das Directivas 92/85/CEE do Consello, do 19 de outubro de 1992, relativa á aplicación de medidas para promover a mellora da seguridade e da saúde no traballo da traballadora embarazada, que dera a luz ou en período de lactación, e 96/34/CE do Consello, do 3 de xuño de 1996, relativa ao Acordo Marco sobre o Permiso Parenteral celebrado pola UNICE, o CEEP e a CES, enténdese en canto nos seus ámbitos se aprecie unha discriminación sexista. Inclusión confusa porque non só esas directivas senón calquera outra dictada sobre condicións de traballo –como as relativas á saúde laboral- débense entender incluídas en canto nos seus ámbitos se aprecie unha discriminación sexista ao afectar sempre ás directivas incluídas –a 75/117/CEE ou a 76/207/CEE-.

Pola contra, non se inclúen, acaso polo temor a unha avalancha de queixas causante dun desequilibrio financeiro, ningunha das directivas sobre Seguridade Social, nin a Pública –contemplada na 79/7/CEE do Consello, do 19 de decembro de 1978-, nin a Privada –contemplada na 86/378/CEE do Consello, do 24 de xullo de 1986, modificada a través da 96/97/CE do Consello, do 20 de decembro de 1996-, a pesar de que, respecto a esta, a xurisprudencia comunitaria é reiterada en considerala cuberta polo artigo 119 do TCEE, de onde, a pesar da súa non inclusión expresa, se a habemos entender incluída a través da inclusión expresa do artigo 119 do TCEE. Tampouco se inclúe a directiva sobre actividades autónomas –a 86/613/CEE do Consello, do 11 de decembro de 1986-.

Non inclusións que hai xa tempo a doutrina considerou podían ser soslaianas *“de conformidade coa evolución expansiva experimentada polo principio (de igualdade de trato)”*, e que atopan unha aínda menor xustificación dende que, a través da Directiva 2002/73/CE do Parlamento e do Consello, do 23 de setembro de 2002, modificativa da 76/207/CEE, esta adquire un carácter central dentro do grupo normativo das directivas de igualdade, ampliando o seu ámbito a materias como *“as condicións de acceso ... ao traballo por conta propia”* o *“a afiliación e participación nunha organización de traballadores ou empresarios, ou en calquera organización os membros da cal exerzan unha profesión concreta, incluídas as prestacións concedidas por estas”* –artigo 3.1-.

Dende outra perspectiva, a Directiva aplícase *“a calquera procedemento civil ou administrativo relativo aos sectores público ou privado que prevexa un recurso conforme ao dereito nacional na aplicación das disposicións contempladas (a norma orixinaria e as directivas incluídas no ámbito de aplicación) ... con excepción dos procedementos extraxudiciais de carácter voluntario ou previstos no dereito nacional. A presente Directiva non se aplicará aos procesos penais, salvo que os Estados membros así dispuxéren”* –artigo 3.1 e 2-. Obsérvase a alusión a procedementos administrativos, o cal permi-

te entender que, no artigo 4, contémplese, ao regular a distribución da carga da proba, un “*Órgano xurisdiccional ou outro órgano competente*”.

2º. Respecto á regulación da distribución da carga da proba, o seu alcance é bastante exíguo, limitándose a recoñecer a aplicación da proba de indicios humanos: “*Cando unha persoa que se considere perjudicada pola non aplicación, no que a ela se refire, do principio de igualdade de trato, presente, ante un órgano xurisdiccional ou outro órgano competente, feitos que permitan presumir a existencia de discriminación directa ou indirecta, corresponderá á parte demandada demostrar que non houbo vulneración do principio de igualdade de trato*” –artigo 4.1-.

Polo tanto, nin se recoñece a aplicación de principio de proba ou proba prima facie ou proba da verdade interina, nin se introducen presuncións legais de discriminación, nin se implica especialmente ao órgano xudicial na achega da proba, nin se contempla a posibilidade dunha asistencia pública independente as vítimas, nin aparece expresamente recollida a proba estatística aos efectos da proba da discriminación indirecta.⁶ Aínda que ningunha desas opcións se impide, deixándoas á vontade dos Estados membros, e de aí que se diga:

a) Que “*a presente Directiva entenderase sen prexuízo do dereito dos Estados membros a impoñer un réxime probatorio máis favorable á parte demandante*” –artigo 4.2-, e “*non constituirá en ningún caso motivo abondo para xustificar a redución do nivel xeral de protección dos traballadores en (o seu) ámbito*” –artigo 6, cláusula post-still, ou de mantemento do nivel de protección anterior á Directiva-.

b) Que “*os Estados membros poderán absterse de aplicar (a máis arriba exposta regra de distribución da carga da proba) ... aos procesos nos que a instrución dos feitos corresponda aos órganos xurisdiccionais ou ao órgano competente*” –artigo 4.3-, o cal é lóxico, xa que, entón, a vítima non está suxeita a unha carga probatoria expresa.

A Directiva finaliza a súa regulación substantiva establecendo, no seu artigo 5, que “*os Estados membros velarán por que as disposicións adoptadas en aplicación da presente Directiva e as disposicións xa en vigor na materia se poñan en coñecemento de tódolos interesados por tódolos medios apropiados*”. Norma admonitiva de imposible coerción. A súa axeitada execución obrigaría á implicación dos poderes públicos na asistencia ás vítimas individuais da discriminación.

II. AS IMPLICACIÓNS PROBATORIAS DA DIRECTIVA 2002/73/CE DO PARLAMENTO E DO CONSELLO, DO 23 DE SETEMBRO DE 2002, MODIFICATIVA DE A 76/207/CEE

5 Cristobal Molina Navarrete, “Acciones positivas ...”, obra citada, páxina 5.

6 Razoablemente considera Cristóbal Molina Navarrete que a proba estatística aparece implicitamente recollida na Directiva “dende o momento en que para detectar unha discriminación indirecta se recorre (no seu artigo 2.2) a conceptos cuantitativos e cualitativos que requiren inescusablemente unha análise sociolóxica e estatísti-

A Directiva 2002/73/CE do Parlamento e do Consello, do 23 de setembro de 2002, modificativa da 76/207/CEE do Consello relativa á aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres no que se refire ao acceso ao emprego, á formación e á promoción profesionais, e ás condicións de traballo⁷, non aborda directamente as cuestións probatorias. Pero si aparecen dúas implicacións na materia:

1ª. Unha primeira implicación ponse de relevo coa definición de discriminación indirecta –artigo 2.2 da Directiva 76/207/CEE– como “*a situación en que unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros sitúan a persoas dun sexo determinado en desvantaxe particular con respecto a persoas do outro sexo, salvo que a devandita disposición, criterio ou práctica poida xustificarse obxectivamente cunha finalidade lexítima e que os medios para alcanzar a devandita finalidade sexan adecuados e necesarios*”. Obsérvase –con relación á definición do artigo 2.2 da Directiva 97/80/CE– a ausencia de coincidencia en dous concretos aspectos: o impacto adverso non se define a través dunha proporción substancialmente maior de membros dun mesmo sexo e a xustificación non alude de xeito expreso á existencia de criterios non relacionados co sexo. Non obstante, esas diverxencias non determinarán presumiblemente unha ruptura coa doutrina anterior do Tribunal de Xustiza da Unión Europea⁸.

Aínda sendo iso así, algunha conclusión si se pode derivar da diferente definición do impacto adverso: a referencia a unha proporción substancialmente maior de membros dun mesmo sexo parecía limitar a proba da discriminación indirecta á estatística; a súa eliminación permite admitir con naturalidade outras formas diferentes de proba. Se lemos o Considerando (10) da Directiva 2002/73/CE comprobamos como se deixa aos dereitos internos “*determinar, en particular, que a existencia da discriminación indirecta se establece por calquera medio, mesmo a partir de probas estatísticas*”. A literalidade da expresión é suficientemente clara no sentido de non ser as probas estatísticas as únicas formas de proba de discriminación sexista indirecta.

Tal non exclusividade das probas estatísticas enténdese se aludimos á dicotomía existente entre a xurisprudencia estadounidense, onde a proba estatística é crucial, e a

ca de determinados colectivos”, “Acciones positivas ...”, obra citada, páxina 9. Pero esta fantasmagórica aparición non empece a crítica da necesidade dunha regulación máis expresa.

7 Comentario desta Directiva son os traballos de Faustino Cavas Martínez, “Avanzando por la senda de la igualdad entre géneros (Noticia breve de la Directiva 2002/73/CE del Parlamento Europeo y del Consejo, del 23 de setiembre de 2002, que modifica la Directiva 76/207/CEE)”, Aranzadi Social, número 13, 2002, de María Emilia Casas Baamonde, “De la igualdad de retribución por razón de sexo a la eliminación de las discriminaciones: el nuevo derecho antidiscriminatorio”, Relaciones Laborales, número 23-24, de Teresa Pérez del Río, “La protección frente a la discriminación en el Derecho Comunitario: las Directivas 2000/43/CE, 2000/78/CE, y 2002/73/CE, modificación de la 76/207/CEE”, Revista de Derecho Social, número 19, y de Susana Torrente Gari, “¿Hay un derecho comunitario sobre la igualdad y no discriminación por razón de sexo? La Directiva 2002/73, de 23 de setiembre”, Revista del Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, número 47, 2003. Na doutrina europea, véxase o traballo de Jean Jacqmain, “L'égalité entre femmes et hommes dans les conditions de travail: amendements à la directive européenne 76/207”, Contrats de travail, número 276, Editions Kluwer, Bruselas-Bélgica. Tamén véanse os meus traballos “El principio de transversalidad en el ámbito de las relaciones laborales (Un comentario a la Directiva 2002/73/CE, do 23 de setiembre de 2002)”, Relaciones Laborales, número 22, 2003, “Las exigencias de transposición de la Directiva 2002/73/CE, do 23 de setiembre de 2002”, Aranzadi Social, número 5, 2003, e, de xeito máis omnicompreensiva, “La Directiva 2002/73/CE, do 23 de setiembre de 2002: Una aproximación a su contenido y a sus exigencias de transposición”, dentro de “IX Xornadas Galegas sobre condicións de traballo e saúde”, Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2004.

xurisprudencia británica, onde se acode ao sentido común⁹, o cal, aínda que leva consigo o risco de encubrir prexuízos de xénero, presenta a vantaxe de bordear os importantes problemas prácticos das probas estatísticas. Sobre o trasfondo desta dicotomía, cobra o seu sentido aquela afirmación dun xuíz estadounidense de que *“demasiadas persoas utilizan as estatísticas como un home borracho utiliza un farol: como soporte e non como iluminación”*.¹⁰

2ª. Unha segunda implicación ponse de relevo coa obriga dos Estados membros de *“(velar) por que entre as competencias”* dos organismos designados de promoción da igualdade *“(figure) prestar asistencia independente ás vítimas de discriminación á hora de tramitar as súas reclamacións por discriminación”* –artigo 8 bis.2.a-n) da Directiva 76/207/CEE-. Os dereitos nacionais, dentro da grande laxitude da norma comunitaria, alíñanse en modelos institucionais diferentes¹¹: (1) o modelo anglosaxón –Reino Unido e Irlanda-, caracterizado polo activismo xudicial dun organismo específico de asistencia ás vítimas; (2) o modelo escandinavo –Suecia e Finlandia-, caracterizado pola lexitimación xudicial en materia de discriminación sexista do Ombudsman; e (3) o modelo románico –España, Francia ou Portugal-, caracterizado pola limitada intervención procesual dos organismos públicos –coa única excepción de Italia, en onde si está lexitimado o *“consiglieri di parità”*–.

Sexa cal sexa o modelo, a asistencia á vítima debería abranguer os aspectos probatorios, sobre todo nos casos de discriminación indirecta, *“especialmente difíciles de probar por parte dun suxeito ou un conxunto de suxeitos, en canto poden requirir, para poñerse de manifesto, dunha serie de medios –ás veces, de medios de elevada técnica- que dificilmente se atopan a disposición dos afectados ou dos recursos económicos cos que contan”*, e iso cohonéstase, no dereito español, cos mandatos constitucionais: *“a importancia do auxilio de institucións públicas ... resulta determinante, en cumprimento do mandato de remover os obstáculos que impiden a igualdade substancial dos individuos e dos grupos que impón aos poderes públicos o artigo 9.2 da CE”*.¹²

III. A DIRECTIVA 2000/43/CE DO CONSELLO, DO 29 DE XUÑO DE 2000, E A DIRECTIVA 2000/78/CE DO CONSELLO, DO 27 DE NOVIEMBRE DE 2000, UN ACERVO COMÚN DA IGUALDADE

A Directiva 2000/43/CE do Consello, do 29 de xuño de 2000, relativa á aplicación do principio de igualdade de trato das persoas independentemente da súa orixe racial ou étnica, e a Directiva 2000/78/CE do Consello, do 27 de novembro de 2000, relativa ao establecemento dun marco xeral para a igualdade de trato no emprego e a ocupación, onde se regula a tutela contra a discriminación baseada na relixión ou conviccións,

8 A esta conclusión, que ao noso xuízo é totalmente correcta, chega, despois dun preciso repaso da xurisprudencia comunitaria, Teresa Pérez del Río en “La protección ...”, obra citada, páxinas 96 a 99.

9 Véxase esta temática en Carmen Sáez Lara, “Mujeres y mercado de trabajo”, Consejo Económico y Social, Madrid, 1994, páxinas 118 a 120.

10 Tomada a cita de Jaime Cabeza Pereiro, “El derecho de la mujer a trabajar en igualdad: apuntes sobre el estado de la cuestión”, REDT, núm. 104, páxina 198. De excepcional interese son as apreciacións que este autor realiza sobre os problemas prácticos das probas estadísticas, obra citada, páxinas 198 a 202.

a minusvalidez, a idade e a orientación sexual, inspíranse claramente no modelo probatorio da Directiva 97/80/CE do Consello, do 15 de decembro de 1997, relativa á carga da proba nos casos de discriminación por razón de sexo, como se comproba coa súa mera lectura.

Cunha idéntica literalidade, o artigo 8 da Directiva 2000/43/CE e o artigo 10 da Directiva 2000/78/CE establecen, no seu apartado 1, que “os Estados membros adoptarán, conforme ao seu ordenamento xurídico nacional, as medidas necesarias para garantir que corresponda á parte demandada demostrar que non houbo vulneración do principio de igualdade de trato cando unha persoa que se considere perxudicada pola non aplicación, no que a ela se refire, do devandito principio alegue, ante un tribunal ou outro órgano competente, feitos que permitan presumir a existencia de discriminación directa ou indirecta”.

O disposto “entenderase sen prexuízo de ... normas sobre a proba máis favorables á parte demandante” –apartado 2 dos citados artigos 8 e 10 dunha e outra Directiva-, “non se aplicará aos procedementos penais” –apartado 3-, nin “nos procedementos nos que a instrucción dos feitos relativos ao caso corresponda aos órganos xurisdiccionais ou a outro órgano competente” –apartado 5-. Pero si en toda acción xudicial emprendida por “asociacións, organizacións ou outras persoas xurídicas que, de conformidade cos criterios establecidos no dereito nacional, teñan un interese lexítimo en velar polo cumprimento do previsto na presente Directiva” –véase apartado 4-.

Polo demais, tanto a Directiva 2000/43/CE como a Directiva 2000/78/CE conteñen unhas definicións de discriminación indirecta semellantes á do artigo 2.2 da Directiva 76/207/CE, na redacción da Directiva 2002/73/CE –véxase o artigo 2.2.b) da Directiva 2000/43/CE e o artigo 2.2.b) da Directiva 2000/78/CE-. Así mesmo, o modelo do artigo 8 bis.2.a-n) da Directiva 76/207/CEE, na redacción da Directiva 2002/73/CE, aparece claramente como inspirador do artigo 13.2.a-n) da Directiva 2000/43/CE, aínda que nada similar aparece, sen embargo, na Directiva 2000/78/CE, indubidablemente porque nesta non se obriga á designación de organismos de promoción da igualdade.

IV. A DIRECTIVA 2004/113/CE DO CONSELLO, DO 13 DE DECEMBRO DE 2004, SOBRE A IGUALDADE DE TRATO ENTRE HOMES E MULLERES EN ÁMBITOS EXTRALABORAIS

A Directiva 2004/113/CE do Consello, do 13 de decembro de 2004, por a que se aplica o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres ao acceso a bens e servizos e a súa subministración, supón un fito na normativa comunitaria sobre igualdade de trato entre homes e mulleres, ao estender este principio a ámbitos non laborais, e, en concreto, segundo o seu artigo 3.1, “a presente Directiva aplicarase a tódalas persoas que subministren bens e servizos dispoñibles para o público, con independencia da persoa de que se trate, tanto no relativo ao sector público coma ao privado, incluídos os organismos públicos, e que se ofrezan fora do ámbito da vida privada e familiar, e ás transaccións que se efectúen nese contexto”. Queda fóra dese ámbito (1) “a liberdade da persoa á hora de elixir a outra parte contratante, sempre e cando a devandita elección non se basee no sexo da persoa contratante”, (2) “(o) contido dos medios de comunicación ou da publicidade, nin á educación”, y (3) “non se aplicará a asuntos relacionados co emprego e a ocupación”, nin

“a asuntos relacionados co traballo por conta propia, na medida en que os devanditos asuntos estean cubertos por outros actos lexislativos comunitarios” –artigo 3.2 a 4-.

En canto ás normas sobre a carga da proba, o artigo 9 da Directiva é unha translación da Directiva 97/80/CE, e así establécese, no seu apartado 1, que *“os Estados membros adoptarán, conforme ao seu ordenamento xurídico nacional, as medidas necesarias para garantir que, cando unha persoa que se considere perxudicada pola non aplicación, no que a ela se refire, do principio de igualdade de trato aduza, ante un tribunal ou outro órgano competente, feitos que permitan presumir a existencia de discriminación directa ou indirecta, corresponda á parte demandada demostrar que non houbo vulneración do principio de igualdade”*. O disposto *“non impedirá ... normas sobre admisibilidade das probas que sexan máis favorables á parte demandante”* –apartado 2-, *“non se aplicará aos procesos penais”* –apartado 3-, nin *“nas xestións en que o tribunal ou outra autoridade competente debe investigar os feitos do caso”* –apartado 5-. Pero si en calquera procedemento xudicial ou administrativo iniciado por *“asociacións, organizacións ou entidades xurídicas que, de conformidade cos criterios establecidos no dereito nacional, teñan un interese lexítimo en velar polo cumprimento do previsto na presente Directiva”* –véase apartado 4-.

Así mesmo, en consonancia agora coa Directiva 76/207/CEE, na redacción da Directiva 2002/73/CE, establécese (1) a definición de discriminación sexista indirecta como *“a situación en que unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros sitúan a persoas dun sexo determinado en desvantaxe particular con respecto a persoas do outro sexo, salvo que a devandita disposición, criterio ou práctica poida xustificarse obxectivamente cunha finalidade lexítima e que os medios para alcanzar a devandita finalidade sexan adecuados e necesarios”* –véase artigo 2.a-n)-, e (2) a obriga dos Estados membros de *“(velar) por que entre as competencias”* dos organismos designados de promoción da igualdade *“(figure) prestar asistencia independente ás vítimas de discriminación ao iniciar un procedemento de discriminación”* –véase artigo 12.2.a-n)-.

Polo tanto, a Directiva 2004/113/CEE límitase a ampliar ao seu ámbito de aplicación as garantías probatorias que, con anterioridade, estaban xa implantadas con relación ás directivas de igualdade laboral.

V. UN BALANCE FINAL SOBRE A ADECUACIÓN DO DEREITO INTERNO AO DEREITO COMUNITARIO

Se atendemos á doutrina de flexibilización da carga da proba da discriminación e da lesión de dereitos fundamentais, aplicada na nosa xurisprudencia constitucional, a transposición das normas comunitarias sobre a carga da proba de determinadas discriminacións non suporía unha novidade¹³, aínda que, para unha axeitada transposición, sería necesaria a aprobación de disposicións legais, regulamentarias ou administrativas, ou, no seu caso, a intervención da negociación colectiva.

11 Interesante ao respecto é o detallado estudo de Francisco Javier Pozo Moreira, “La actuación de los organismos públicos en el proceso laboral en supuestos de discriminación por sexo: la obligada asistencia a la víctima por parte de los organismos para la promoción de la igualdad. Comentario a la Directiva 2002/73/CE”, Revista del Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, número 53, 2004, páxinas 133 a 135.

Considerando simultaneamente a xurisprudencia constitucional e as esixencias comunitarias, o mellor sería a implantación en tódalas ordes dunha incisiva norma flexibilizadora. Sen embargo, o lexislador interno, á vista da vixencia anterior do artigo 96 da Lei de Procedemento Laboral, nin se preocupou de traspoñer a Directiva 97/80/CE, e, en canto ás Directivas 2000/43/CE e 2000/78/CE, a súa transposición non foi, no que agora interesa, demasiado afortunada.¹⁴

Efectivamente, a Lei 62/2003, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social traspón, cunha técnica lexislativa bastante discutible, as normas comunitarias sobre flexibilidade da carga da proba da discriminación contidas nas Directivas 2000/43/CE e 2000/78/CE –dando ademais nova redacción ao artigo 96 da Lei de Procedemento Laboral– de xeito diferente nos procesos civil e contencioso-administrativo respecto á súa introdución no social:

1ª. Sen modificación das correspondentes leis procesuais civil e contencioso-administrativa, establécense, no texto da propia Lei 62/2003, do 30 de decembro, normas reiterativas e ademais incompletas:

- Por un lado, dentro da Sección “*medidas en materia de igualdade de trato e non discriminación pola orixe racial ou étnica das persoas*”, establécese que, “*naqueles procesos da orde xurisdiccional civil e da orde xurisdiccional contencioso-administrativa en que das alegacións da parte actora se deduza a existencia de indicios fundados de discriminación por razón da orixe racial ou étnica, corresponderá ao demandado a achega dunha xustificación obxectiva e razoable, suficientemente probada, das medidas adoptadas e da súa proporcionalidade*” –artigo 32–. Obviamente, a flexibilización da carga da proba producirase, nos procesos civil e contencioso-administrativo, non só cando sexa unha discriminación por razón da orixe racial ou étnica, de aí o incongruente de só se referir a esa, e non a todas.

- Por outro lado, dentro da Sección “*medidas en materia de igualdade de trato e non discriminación no emprego*”, establécese que, “*naqueles procesos da orde xurisdiccional civil e da orde xurisdiccional contencioso-administrativa en que das alegacións da parte actora se deduza a existencia de indicios fundados de discriminación por razón da orixe racial ou étnica, a relixión ou conviccións, a minusvalidez, a idade ou a orientación sexual das persoas respecto das materias incluídas no ámbito de aplicación desta Sección, corresponderá ao demandado a achega dunha xustificación obxectiva e razoable, suficientemente probada, das medidas adoptadas e da súa proporcionalidade*” –artigo 36–. Nova incompletud normativa: ¿Acaso a flexibilización da carga da proba desas discriminacións só opera en materia de emprego? .

En canto á discriminación por razón de minusvalidez, esta norma derroga a case simultánea do artigo 20 da Lei 51/2003, do 2 de decembro, sobre igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con minusvalidez, de termos máis restritivos –e así, os indicios de discriminación esixíase que fosen “*graves*” e excluíase da flexibilización a “*os procesos ... contencioso-administrativos interpostos contra resolucións sancionadoras*”–.

12 Antonio Baylos Grau / Jesús Cruz Villalón / María Fernanda Fernández López, “Instituciones de Derecho Procesal Laboral”, Editorial Trotta, Madrid, 1991, páxina 147.

2º. A diferenza das anteriores normas aplicables aos procesos civil e contencioso-administrativo, con relación ao proceso laboral –cunha técnica lexislativa correcta- modifícase directamente, no artigo 40 da Lei 62/2003, do 30 de decembro, o artigo 96 da Lei de Procedemento Laboral, quedando redactado nos seguintes termos: *“Naqueles procesos en que das alegacións da parte actora se deduza a existencia de indicios fundados de discriminación por razón de sexo, orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, minusvalidez, idade ou orientación sexual, corresponderá ao demandado a achega dunha xustificación obxectiva e razoable, suficientemente probada, das medidas adoptadas e da súa proporcionalidade”*. Por certo, que os indicios deben ser fundados é algo obvio, de aí a sorpresa que causa ese novidoso adxectivo.

Pesou claramente na técnica normativa unha tan incorrecta como habitual forma de transposición do dereito comunitario, consistente na transcripción literal das súas normas, esquecendo (1) que, sexa cál sexa a norma comunitaria, sempre é fragmentaria, a obedecer aos principios de subsidiariedade e proporcionalidade, e (2) que, en especial tratándose de directivas, a súa redacción é principialista, sen concrecións regulatorias. Pero as normas internas obedecen a outras dinámicas (1) porque non están limitadas polos ámbitos competenciais das institucións europeas e (2) porque deben definir do xeito máis concreto as relacións xurídicas.

Obsérvese, ademais, que, a consecuencia de non implantar con carácter xeral unha norma de flexibilización da carga da proba, a norma relativa á discriminación por razón de sexo quedou circunscrita, de xeito criticable, a os procesos laborais, esquecendo, aínda que son materias incluídas no ámbito das directivas de igualdade laboral, (1) a súa regulación no proceso contencioso-administrativo, onde lle residen as demandas dos funcionarios públicos e, ao menos de momento, a materia sancionadora social, e (2) a súa aplicación nos expedientes administrativos da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.

Unha carencia que se agudiza coa Directiva 2004/113/CE, a transposición da cal –como moito o 21 de decembro de 2007- obrigará ás oportunas modificacións na normativa reguladora do proceso civil.

Polo demais, aínda que as normas comunitarias son normas mínimas, algunhas especificacións nelas contidas –en especial na Directiva 97/80/CE- son claras indicacións do que, para unha mellor protección, débese facer –o recoñecemento expreso da proba estatística, a investigación de oficio de organismos públicos ou os réximes probatorios máis favorables-, nada do que se fai con decisión no noso dereito, aínda que a xurisprudencia si aplica a proba estatística e aínda que existe algunha tímida mellora legal –como acontece co artigo 95.3 da LPL.¹⁵

13 Graficamente afirma, en idéntico sentido, Cristóbal Molina Navarrete, “(o) escaso –nulo- contido innovador dende un punto de vista normativo” das normas de flexibilización da carga da proba introducidas, en transposición da Directiva 2000/43/CE e da Directiva 2000/78/CE, a través da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social, en “Del principio al derecho a la igualdad de oportunidades: las nuevas leis de tutela antidiscriminatoria”, Revista de Trabajo y Seguridad Social / Centro de Estudios Financieros, número 251, 2004, páxina 193.

14 Sobre a transposición das devanditas Directivas a través da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social, véase a análise, dentro dun ton razonadamente crítico, de Jesús Ramón Mercader Uguina en “Avalanchas normativas y legislación al por mayor. Algunas reflexiones sobre la Ley de Acompañamiento para 2004”, Relaciones Laborales, número 6, 2004.

15 Que estudei en “El artículo 95.3 de la Ley de Procedimiento Laboral”, Relaciones Laborales, número 10, 1999.

A RESPOSTA XURIDICA EN RELACIÓN COA PREVENCIÓN DOS RISCOS LABORAIS PSICOSOCIAIS

José A. Varela Agrelo

Maxistrado da Audiencia Provincial de Lugo

SUMARIO

I. INTRODUCCIÓN

II. CONCEPTO DE RISCOS PSICO-SOCIAIS

III. O DEREITO COMO INSTRUMENTO

1. Ámbito Preventivo

2. Ámbito Represivo

3. Ámbito Tuitivo

IV. CANLES PROCESUAIS

1. Laboral ou Social

2. Civil

3. Contencioso-Administrativo

4. Penal

V. CONCLUSIÓNS

I. INTRODUCCIÓN

Na súa permanente loita polo Dereito, os homes han de facer equilibrios entre forzas contrapostas. Tal equilibrio, consubstancial a calquera instrumento xurídico ha de presidir tamén a normativa laboral para conseguir simultaneamente o avance económico e o respecto aos dereitos dos traballadores.¹

De forma especial, dende a Revolución Industrial, os avances do Dereito no ámbito laboral foron dunha enorme importancia, e nesa permanente evolución inspirada na concepción social do Dereito, a prevención dos riscos laborais, cobrou nos últimos tempos unha especial dimensión. Non foi allea a esta realidade a grande sensibilidade social propiciada, por un aumento da sinestralidade laboral ligada á maior actividade económica e a novas formas de xestión empresarial.²

Ademais a preocupación preventiva no ámbito laboral, xa non alcanza unicamente aos bens xurídicos soporte: vida, integridade física e saúde, senón que empeza a emerxer unha segunda xeración de bens xurídicos como a saúde psíquica do traballador ou a súa integridade ou indemnidade moral. Nesa tarefa, tan ligada ao uso do Dereito como un instrumento ao servizo da felicidade da persoa, unicamente imaxinable en sociedades cun Estado de Dereito forte e consolidado, enmárcase o estudo que abordamos a continuación, nunha superficial aproximación.

O Dereito da Prevención de Riscos Laborais ten xa ante se o reto de que a protección da saúde laboral, abranga a loita nada doada contra os Riscos Psico-sociais, tratando de evitar situacións laborais estresantes ou condutas de acoso moral ou sexual ligadas á actividade laboral, pois estas situacións son aptas para alterar a estabilidade psíquica do traballador.³

II. CONCEPTO DE RISCOS PSICO-SOCIAIS⁴

Os riscos ou “*factores de risco*” psico-sociais definíronse pola OIT (1986) como:

“As interaccións entre o contido, a organización e a xestión do traballo e as condicións ambientais, por un lado, e as funcións e necesidades dos traballadores, por outro. Estas interaccións poderían exercer unha influencia nociva na saúde dos traballadores a través das súas percepcións e experiencia.”

Con independencia dos trazos que debuxan o concepto, é doado de entender, que determinados traballos repetitivos, determinada forma de xestionar ou organizar a actividade laboral, son potencialmente aptos para afectar ese equilibrio psíquico do traballador.⁵

1 A complexidade da configuración xurídica do dereito ao traballo levou a algún autor a acuñar a súa descrición como “formula máxica”. Vide. BAYLOS GRAU, Antonio: “El Derecho como Derecho Constitucional”. Cuadernos de Derecho Judicial. Ano 2003. XXI. Vol. “La Protección de los Derechos Fundamentales en el Orden Social”.

2 Unha boa análise da materia pode verse en BECK, Ulrich: “La Sociedad del Riesgo”. Edit.Paidós Ibérica, SA, 1998.

3 O Inspector de Traballo VELÁZQUEZ FERNÁNDEZ, Manuel ocupouse desta materia en dous traballos de imprescindible consulta, que se manexaron intensamente para o presente estudio. Un é “La Respuesta jurídico-legal ante los riesgos psico-sociales en el trabajo: criterios de actuación” e o segundo: “La respuesta jurídico-legal ante el acoso moral en el trabajo o mobbing”. Posteriormente o mesmo autor afondou sobre a materia no seu libro: “Mobbing, Violencia Psíquica y Estrés en el Trabajo. Aspectos Jurídicos de los Riesgos Psico-Sociales” Edit.Xestión 2000. Barcelona, 2004.

4 Velázquez Fernández, Manuel. Op. cit.

O risco psico-social, por excelencia, que non o único, é o estrés, que podería configurarse como unha reacción emocional de angustia fronte a unha esixencia laboral que se percibe como non controlable polo individuo.⁶

Desta breve introdución aflora xa unha cuestión esencial na abordaxe da materia. Se estamos a falar de percepcións ou efectos na nosa paz interior, xorde unha variable que dificulta a ordenación con un mínimo de rigor desta. Esta variable é a maior ou menor sensibilidade do individuo ou a súa saúde mental facendo abstracción da influencia que lle provoque a actividade laboral.

Por iso, unha primeira premisa haberá de ser delimitar o ámbito das condutas ou condicións laborais obxectivamente idóneas de provocar o risco psico-social nun individuo emocionalmente san e estable.⁷

III. O DEREITO COMO INSTRUMENTO

1. Ámbito preventivo

O Dereito que é unha rama do saber humano, parte para cumprir a súa función do coñecemento psicolóxico do ente que o crea e ao que vai destinado.

Os seres humanos adultos non difiren nalgúns aspectos que os menores de idade, pois como eles funcionamos un pouco en atención dos premios e castigos. Ou dito nunha linguaxe mais xurídico, por incentivos e disuasores.

Esta idea tan simple explica que na estratexia ou política do Estado tamén nesta materia da prevención de riscos podemos discernir dous grandes ámbitos: o ámbito preventivo e o represor.

No ámbito preventivo, o Estado vai pretender que a sociedade no seu conxunto e de forma especial os protagonistas de a relación laboral empápense de a cultura preventiva, obxectivo que non queda nunha mera declaración pragmática senón que se integra entre as esixencias concretas que as nosas leis van esixir ás empresas. Esta cultura preventiva trata de convencer antes de vencer, e ese convencemento parte da conveniencia de que a prevención hai que asumila non só para evitar consecuencias desfavorables, senón porque os bens xurídicos en xogo así nolo demandan.

España participa plenamente dese desideratum de a integración da cultura preventiva no ámbito empresarial e dicimos desideratum, pois se trata, sen dúbida, dunha tarefa lenta pero irrenunciable.⁸

É unha idea que se proxecta dende a nosa propia Constitución de 1978, e tamén dende as Directivas da Unión Europea que habemos de traspoñer ao noso Ordenamento Xurídico.

5 O 55% dos traballadores dos sectores de Hostalería, Educación non Universitaria e Têxtil-Confección está "queimado", o 8% sofre burn-out e o 4% é vítima de acoso psicolóxico no traballo ou mobbing.(datos extraídos dun Estudio sobre estes riscos elaborado polo OBSERVATORIO PERMANENTE de Riscos Psico-sociais de U.G.T.).

6 PEIRO, José Manuel: "El estrés laboral: una perspectiva individual y colectiva". Prevención, Trabajo y Salud. Revista do INSH, nº 13 de 2001.

En desenvolvemento de tales ideas aparece en 1995 a flamante Lei de Prevención de Riscos Laborais, modificada en 2003 precisamente coa intención de afondar na integración da prevención na empresa.⁹

Descendendo ao plano das manifestacións concretas deste ámbito preventivo pódense citar a modo ilustrativo, entre outras:

- A promoción dende a Administración da prevención.¹⁰
- A obriga legal do empresario de xestionar a prevención coa participación de expertos e dos propios traballadores.¹¹
- A esixencia de que os traballadores reciban formación en materia de prevención.¹²
- A actuación da Inspección de Traballo que, entre as súas funcións sancionadoras, ten o requirimento á empresa na que se detecten defectos.¹³

2. Ámbito represivo

Pero o ámbito preventivo non é suficiente. A sociedade considera a saúde laboral un ben xurídico de natureza pública, colectiva e esa percepción converte en lexítimo que os incumprimentos na normativa de prevención poidan ser sancionados tanto en vía administrativa, pola Inspección de Traballo, como, eventualmente, pola vía penal, a través dos Xuíces e Tribunais de esta orde xurisdiccional.¹⁴

Ao empresario xa non só lle interesa garantir que o desenvolvemento delitiro traballo na súa empresa leve a cabo coa debida seguridade por motivacións éticas e económicas, senón tamén porque o seu incumprimento lle pode levar a sufrir o reproche e estigmatización que carrega un proceso penal, ou unha multa da autoridade laboral.¹⁵

3. Ámbito tuitivo

Incluso se os ámbitos preventivo e sancionador fracasan, o noso sistema non renuncia ao que é obriga como autoconfesado Estado Social, e trata de protexer tamén aos traballadores que perden a saúde ou se vexan incapacitados.

É o que chamamos o ámbito tuitivo que trata de prover de prestación sanitaria e prestacións económicas aos que padezan estas situacións.¹⁶

IV. CANLES PROCESUAIS

7 Un bo intento de establecer os límites a través de distintos pronunciamentos xudiciais pode verse en : JURADO SEGOVIA, Ángel. "Notas sobre la caracterización jurídica del acoso moral en el trabajo a la luz de los pronunciamientos judiciales". Revista de Derecho Social. Edit. Bomaizo 25/2004.

8 LOPEZ GARCIA DE LA MONTAÑESA, José Manuel: "La protección y prevención de riesgos profesionales: los servicios de Prevención". Colección CUADERNOS DE DERECHO JUDICIAL. Año 1999. Estudios de la Prevención de Riesgos Laborales".

9 Art. 2 da Lei 54/2003 do 12 de Decembro de Reforma do marco normativo da Prevención de Riscos laborais.

10 Idea amplamente salientada na Exposición de Motivos da Lei 54/2003.

11 Art. 16 da Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais.

12 Art. 19 da Lei 31/1995.

13 Art. 7 e 9 da Lei 31/1995.

Establecidas as grandes liñas de a política legislativa do Estado na materia de prevención, e partindo da idea, que logo apuntaremos de que os riscos psico-sociais, intégranse entre aqueles que a prevención de riscos ha de tutelar, abordaremos agora, as canles procesuais ás que pode acudirse para facer efectivo o cumprimento daquelas liñas xerais.

1. Laboral

Nun estado de Dereito os conflitos que xorden entre os cidadáns, se non atopan solución amigable han de ventilarse ante os Tribunais de Xustiza.

É evidente que tamén no ámbito da relación laboral poden xurdir conflitos, sendo a súa resolución encomendada ao orde xurisdiccional social (cos matices que o proteccionismo laboral impón).

Así, un traballador que entende que existe un incumprimento do empresario das súas obrigas de saúde laboral, e dentro deste concepto hai que considerar incluídas as consecuencias nocivas derivadas dos riscos psico-sociais pode:

- a) Pedir a extinción do contrato de traballo alegando o incumprimento da obriga empresarial e por conseguinte con dereitos económicos (art. 50 E.T.).¹⁷
- b) Solicitar unha compensación económica polo dano causado.¹⁸ (art. 1.101 do Código Civil).
- c) Reclamar contra a denegación dunha prestación á que se entende tense dereito.¹⁹ (art. 115 LGSS).

2. Civil

Na orde xurisdiccional civil ventílanse as cuestións entre cidadáns nas que o interese en xogo non é público senón privado.

Unha das manifestacións mais frecuentes do que é unha acción civil é a derivada dun prexuízo ou dano que alguén sofre como consecuencia doutro.

Hai un principio de Dereito Natural que todo o mundo entende e ten gravado na súa conciencia que é o *“non causar dano aos demais”*. Deste principio xorde unha consecuencia xurídica evidente, se alguén causa un dano a outro, que este non ten obriga de soportar, nace a obriga de reparar o dano.

14 Vide. VARELA AGRELO, José Antonio. "O principio ne bis in idem. Especial referencia ao ámbito laboral da Seguridade e Hixiene no traballo", no anterior numero desta Revista.

15 Sobre os custos económicos engadidos pode verse: LOPEZ GARCIA DE LA MONTAÑESA, José Manuel. op. cit.

16 A confrontación desta idea coa nosa realidade legislativa pode realizarse en LOPEZ LOPEZ, JULIA: "El Derecho a una Seguridad Social Pública que garantice prestaciones sociales suficientes y su realidad en el sistema español". Colección CUADERNOS DE DERECHO JUDICIAL. Ano 2003. op. cit.

17 Vease STSJ Cataluña de 11.06.03; S. J. Soc. nº 4 de Sevilla de 26.12.02 e STSJ Murcia de 07.03.03.

18 A propósito da STS do 11 de Marzo de 2004, MOLINA NAVARRETE, Cristóbal realizou o estudio "La Compatibilidad de Indemnizaciones por Acoso Moral cuando el trabajador resuelve su contrato. Una cuestión aún pendiente de unificación de doctrina."

19 Sentenzas que efectúan o recoñecemento das enfermidades psíquicas como accidentes de traballo:

Esta acción civil que pode exercitarse, segundo as leis, ante a xurisdición social, ou ante a civil, é a que brevemente analizaremos neste epígrafe, en relación coa materia que nos ocupa dos riscos psico-sociais.²⁰

Son sempre tres os requisitos ou presupostos para que esta acción civil poida ser reconocida por un Tribunal de Xustiza:

a) Ha de existir unha acción ou omisión do empresario.

Exemplo dunha actuación (é dicir, un facer, unha conduta positiva) sería o suposto de que o empresario sexa o autor dunha conduta de “*mobbing*”.²¹

Exemplo dunha omisión (é dicir un “*non facer*”, unha conduta negativa, ou ausencia da conduta debida), sería a ausencia da preceptiva avaliación dun risco, ou a non redistribución dun traballo susceptible de causar estrés.²²

b) Dano

A acción e omisión ha de causar un dano. No ámbito dos riscos psico-sociais, o dano proxéctase no equilibrio ou benestar psíquico da persoa.

